



A erosión do vento crea formas que recordan, neste penedo da ruta, unha cabeza de sapoconcho ollando o mar.



Marcas e sinais sendeiristas no percorrido



Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.



Dirección trabucada. Indica que o camiño non se debe coller.



Cambio de dirección. Indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.



Sinal nunha derivación, é dicir un camiño de ida e volta dende a ruta principal.



Baliza, que permite identificar o tipo e o número do sendeiro.



Concello do Grove

Concellería de Seguridade Cidadá,
Deportes e Limpeza



Concello do Grove

**PR-G
116**

GALICIA

Con Negro - Arte ao Natural

A ruta pola beira do mar ofrece un dos espazos mellor conservados e máis espectaculares da península do Grove.

En certa medida, o seu illamento fai del un lugar de praias pouco frecuentadas, dunha paisaxe pouco agredida e dunha beleza natural digna de coñecer.

O carreiro lineal, cun pequeno bucle nun dos seus extremos, transcorre por diferentes sendas e camiños de carro históricos. Nalgúns deles aínda é posible ver a marca do tempo e do traballo dos homes e animais nas rodeiras impresas nas pedras do chan.

Este espazo, rico en fauna e vexetación costeira, participa no proxecto europeo Rede Natura 2000.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



Proxectos subvencionados ao abeiro das axudas de apoio e accións na Rede Natura 2000.



PR-G 116
Con Negro
Arte ao Natural


Ruta homologada en 2009



Ruta sinalizada



1 mapa do percorrido
escala 1:8500





O Grove

Lenda

- Inicios da ruta PR-G 116 Con Negro - Arte ao Natural
- - - Ruta sendeirista
- Estrada pricipal



O lavadoiro de Castiñeira

Lavar ben a roupa era unha arte, ademais dun traballo delicado e laborioso. A roupa metíase peza a peza no lavadoiro. Empapábase, enxaboábase e fregábase as manchas difíciles. Despois de enxaboada, a roupa amoreábase no lavadoiro para que fose amolecendo. Peza por peza, mergullábase na auga e zapateábase contra o lavadoiro para deixala limpa e aclarada. Lavar a roupa branca era máis laborioso. Enxaboada e sen torcer, botábase ao clareo. Estendíase ao sol sobre o campo de herba e a luz eliminaba as manchas máis difíciles, recuperando a súa brancura. Aclarada e relucente, quedaba a tender nos toxos dos arredores.



A existencia do manancial que alimenta este lavadoiro era coñecida dende sempre polos mariñeiros que subían dende a praia para coller auga fresca que brotaba do chan. Os veciños construíron o lavadoiro de Castiñeira a mediados do século XX.

MIDE		PR-G 116 Ruta de Con Negro - Arte ao Natural	
		Máis información: www.euromide.info	
	horario	1h 15min	1 severidade do medio natural
	desnivel de subida	90 m	2 orientación no itinerario
	desnivel de baixada	73 m	2 dificultade no desprazamento
	distancia horizontal	3'8 km	1 cantidade de esforzo necesario
	tipo de percorrido	lineal	PR-G 116
Paso obrigado preto do mar: Atención nenos. Condicións de verán: Tempo estimado segundo criterios MIDE, sen paradas.		Distancia da ruta principal: 3.250 m Lonxitude da variante: 550 m Mapas IGN 1:25.000: 184-II	

Concello do Grove: Telf. 986 730 975
www.turismogrove.com
www.concellodogrove.com

Emerxencias: Telf. **112** SOS-Galicia

Pódese descargar gratuitamente o percorrido desta ruta para GPS nas páxinas web: www.turismogrove.com e www.segatur.com